

# DECRETO DE AUTOCONSUMO DO PP: POBREZA ENERXÉTICA E MÁIS BENEFICIOS PARA O OLIGOPOLIO ELÉCTRICO

Fins Eirexas\*

O Estado vén de aprobar o decreto do autoconsumo co polémico "imposto ao sol". Cárgalles unha peaxe a usuarios/as e Pemes que desincentiva o autoconsumo e atranca a extensión das renovábeis, perpetuando a dependencia das grandes eléctricas. Consumidores/as e administracións podemos e debemos reaxir.



Edificio en Helsinki (Finlandia) con placas solares nos balcóns, a través das cales se xera enerxía fotovoltaica.

## ENTREGUISMO ABSOLUTO DO PP ÁS ELÉCTRICAS

O "Real Decreto 900/2015, de 9 de outubro, por el que se regulan las condiciones administrativas, técnicas y económicas de las modalidades de suministro de energía eléctrica con autoconsumo y de producción con autoconsumo" supón, coa excusa de regulamentar unha práctica imparábel -o autoconsumo eléctrico con pequenas instalacións renovábeis-, un patético intento de frear a democratización da enerxía e perpetuar o oligopolio das eléctricas, habitual retiro de políticos xa amortizados.

Este será, probablemente, o destino do actual ministro de Industria, o Sr. Soria, e doutros membros do goberno de España que, en vésperas dun proceso electoral, non tiveron reparos en aprobar unha medida que prexudica claramente a cidadanía en favor da grande industria enerxética. Tal é o medo que o oligopolio eléctrico ten a que a extensión masiva do autoconsumo eléctrico en fogares e pequenas empresas, favorecido polas melloras tecnolóxicas e espoldrexado pola continua suba dos prezos da enerxía, prexudique o seu lucrativo negocio.

## ESQUECER O BALANZO NETO E VETO AO AUTOCONSUMO COMPARTIDO

O decreto establece unha peaxe obrigatoria, o coñecido "imposto ao sol", para todas aquelas instalacións de autoconsumo que estean conectadas á rede eléctrica. Só as instalacións totalmente illadas están exentas.

Esta peaxe consta dun treito fixo por kW de potencia instalada e un treito variábel en función da hora e cantidade de enerxía vertida como exce-

dente á rede. As instalacións de autoconsumo de menos de 10kW e aquelas situadas nas illas están exentas da parte variábel, mais non da fixa. E todo o exceso que produzan até un máximo de 100kW de potencia instalada poderán vertelo á rede, mais non cobralo: será enerxía cedida de balde ao oligopolio (e que logo este venderá como propia).

Deste xeito, o PP esquece o balanço neto, o método máis estendido no mundo de relación entre os auto-consumidores e o sistema eléctrico. O balanço neto, que verdadeiramente incentiva a extensión das enerxías limpas e a eficiencia, consiste en ceder a electricidade sobranante dunha instalación de autoconsumo e recuperala na mesma proporción cando a vivenda ou negocio a precisa. O goberno decidiu considerar que unha instalación de autoconsumo, polo feito de estar conectada á rede eléctrica, debe facer fronte aos "custos do sistema" e ser tratada como calquera outra compañía eléctrica cuxo único fin é o lucro.

A norma impide tamén que a enerxía xerada polas instalacións de autoconsumo poida ser partillada por varios usuarios/as, caso das comunidades de veciños/as e polígonos industriais, por exemplo.

## FREO ÁS RENOVÁBEIS E CONSOLIDACIÓN DA POBREZA ENERXÉTICA

Con esta regresiva norma, o PP impón vía decreto un freo á extensión das enerxías renovábeis a pequena escala e coloca atrancos case insalváveis á socialización e democratización da enerxía. Tamén contribúe a mermar os esforzos en aforro e eficiencia e a perpetuar situacións de pobreza enerxética entre a cidadanía, que terá máis difícil zafarse das

gadoupas das compañías e exercer a súa soberanía enerxética. É como se por consumir os produtos da horta da nosa casa tivéssemos que pagar ao supermercado!!

A intención deste decreto non é outra que favorecer o actual oligopolio eléctrico. Malia ao compromiso de case todas as forzas políticas estatais de derrogar a norma se o PP perde o poder, estes últimos anos de incertezas e ameazas de Industria aos auto-consumidores/as, xunto coa aprobación deste decreto, déronlle tempo ás grandes eléctricas para reaccionar e ir preparando os seus "paquetes de autoconsumo e renovábeis" que en breve veremos publicitados, e deste xeito copar tamén un sector emerxente que fuxía do seu control.

### INICIATIVAS FRONTE AO EXPOLIO ELÉCTRICO

Para facer fronte a este novo roubo amparado no BOE, a cidadanía, entanto que consumidora de enerxía eléctrica, ten distintas posibilidades de axir. En primeiro lugar, reducir o noso consumo eléctrico optimizando o uso dos aparellos da nosa casa, traballo, etc. Porén, unha parte cada vez máis importante da factura eléctrica corresponde ao "treito fixo" ou facturación por potencia contratada. Esta estratexia das eléctricas que incrementou espectacularmente o recibo da luz, alén de desincentivar o aforro, está detrás da crecente pobreza enerxética que afecta a moitas familias, amarradas ás condicións que fixa o oligopolio. Como consumidores/as tamén podemos reaccionar solicitando da nosa compañía unha rebaixa na potencia contratada: só é preciso mudar algúns hábitos e evitar grandes picos de consumo para pagar menos no recibo.

Unha outra alternativa, complementar das anteriores, é cambiar de compañía eléctrica facéndonos socios/as dunha cooperativa de consumidores/as que ademais comercialice enerxía renovábel, liberándonos por sempre das gadoupas do oligopolio. En Galiza existen varias opcións, como a de Nosa Enerxía, a cooperativa galega que garante un subministro 100% renovábel e local, e coa que ADEGA vai subscribir un convenio de colaboración. O cambio é moi sinxelo, e prezos e servizos son similares ás das compañías tradicionais, coa vantaxe de consumirmos electricidade verde e local, retirándolle negocio ao oligopolio.

Mais as iniciativas para facer fronte ao actual *statu quo* eléctrico non deberían limitarse ao eido doméstico ou persoal. A administración galega ten capacidade normativa para tentar subverter o perverso marco legislativo do sector eléctrico estatal, e achegalo máis á realidade galega. Non abonda só con reclamar unha tarifa eléctrica propia dado que no noso país localízanse importantes centros de produción eléctrica, grande parte deles en renovábel –hidráulica, eólica- e de grande rendemento, polo que os custos de produción e, sobre todo, de transporte son máis reducidos que no resto do Estado, circunstancia que debería reflectirse na factura. A Xunta debe aproveitar a vía impositiva e gravar dun xeito máis xusto para a cidadanía a produción e distribución de enerxía eléctrica no noso territorio, un auténtico *El dorado* para o oligopolio eléctrico, que privatiza os enormes beneficios de explotar o noso vento e ríos, socializando os custos e os impactos (ambientais, sociais, económicos, etc.). Algo máis que un simple canon sobre o número de muiños ou os m<sup>3</sup> que ocupan os grandes encoros: unha verdadeira fiscalidade verde enerxética que grave a produción e a potencia instalada, dirixida a compensar as perdas ecosistémicas polo aproveitamento privativo dos nosos recursos naturais, e que debería revertir na mellora do ambiente e da calidade de vida da cidadanía.

Tamén, a Administración galega podería deseñar un marco regulamento propio para alén das simples subvencións e fomentar precisamente o sector que o Estado e as eléctricas queren coartar: as pequenas instalacións de autoconsumo, as cooperativas de produtores/as en renovábel ou a participación dos concellos e pemes no aproveitamento das fontes locais de enerxía limpa.

E finalmente, a Xunta podería se quixer transformar o INEGA, aliás dun portelo para o reparto de subvencións, nunha verdadeira axencia enerxética galega que opere no eido da produción e distribución da enerxía, entendida esta como un dereito cidadán e un servizo público, ao mesmo nivel que a educación e a sanidade.

\*Fins Eirexas é o secretario executivo de ADEGA



Como consumidores/as tamén podemos incidir no aforro enerxético e no impulso das enerxías renovábeis.